

QUÉ É UNHA MERCADORÍA PERIGOSA?


O “ADR” é o “**Acordo europeo para o transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada**”.

Segundo o ADR, mercadorías perigosas son aquelas materias e obxectos cuxo transporte internacional por estrada o prohiban ou só o autoricen, baixo determinadas condicións, os anexos A e B do ADR.

Non avanzamos moito, verdade? Imos a seguir procurándoo.

Para saber se unha sustancia é mercadoría perigosa, temos que ver o punto 14 da súa “**folia de datos de seguridade**”. Aí indica se lle aplica ou non o ADR. En caso de lle aplicar, indica a súa identificación como mercadoría perigosa.

A identificación dunha mercadoría perigosa consiste no seguinte (exemplo para o gasoil):



Mercadorías perigosas son unha serie de sustancias de especial perigosidade que teñen que cumprir unha serie de requisitos para poder ser transportadas, cargadas ou descargadas. Os requisitos veñen indicados no ADR.

Nestes requisitos están incluídos o tipo de envase e/ou embalaxe no que van (teñen que estar homologados), se pode ir a granel en cisterna e o tipo desta (tamén ten que estar homologada), as cantidades que se transportan, o vehículo que fai o transporte (que ten que cumprir uns requisitos específicos), a sinalización dos envases, embalaxes, cisternas ou contedores, a sinalización do vehículo, a documentación que acompaña ao transporte, etc.

As etiquetas de perigosidade colócanse no envase ou embalaxe, ou na cisterna ou contedor onde se transportan. Son de forma cadrada pero a súa posición e xirada sobre un vértice:

Exemplo de etiqueta nº 3:

